



Iníciase a tramitación parlamentaria do informe, que culminará cunha comparecencia do valedor no Pleno do Parlamento

## **A presidenta do Parlamento recibe do Valedor do Pobo o informe da institución correspondente ao ano 2009**

- **Pilar Rojo anima aos galegos a acudir ao valedor cando sintan vulnerados os seus dereitos por parte de algunha administración pública**

**Santiago, 15 de marzo de 2010.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía ao valedor do pobo, Benigno López, que lle fixo entrega do Informe desta institución correspondente ao ano 2009.

Con esta reunión formal dase inicio á tramitación parlamentaria do informe, que culminará cunha comparecencia do valedor ante o Pleno do Parlamento de Galicia no actual período de sesións.

Rojo Noguera valorou o rigor do informe elaborado pola institución que preside Benigno López e enmarcou o labor do valedor do pobo no sistema de garantías que ampara aos cidadáns no estado de dereito.

A presidenta do Parlamento de Galicia animou ao conxunto dos cidadáns a coñecer as competencias e o funcionamento do valedor do pobo, ao que calquera persoa pode e debe acudir cando considere que calquera administración vulnera algún dos seus dereitos.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia